

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008

25203 ENQUISA DE CONDICIÓN DE VIDA DAS FAMILIAS

MÓDULO XERAL

PROXECTO TÉCNICO

Introdución

A “Enquisa de condicións de vida das familias” (ECV) é unha actividade estatística anual que desde 1999 realiza o Instituto Galego de Estatística. Trátase dunha enquisa dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas.

Consta de dous módulos: un primeiro de carácter xeral que se repite todos os anos, deseñado para recoller información sobre variables básicas que, pola súa importancia e dinamismo, necesitan unha periodicidade anual e un segundo módulo de carácter específico dedicado a bloques temáticos de variables que presentan unha máis lenta evolución, polo que non necesitan un período anual de recollida de datos.

A temática deste módulo varía dun ano a outro e nel introdúcense variables que permiten coñecer en detalle algún tema específico dos fogares galegos.

Neste proxecto inclúese un apartado de cambios metodolóxicos onde se indican os cambios máis importantes que sufriu esta operación dende a súa implantación.

Obxectivos da investigación

Os obxectivos principais da “Enquisa de condicións de vida das familias” son os seguintes:

- Analizar e describir as características principais dos fogares galegos e as diferenzas existentes entre as distintas áreas territoriais galegas.
- Proporcionar información sobre as características socioeconómicas da poboación e dos fogares galegos.
- Coñecer a contía dos ingresos dos fogares galegos e a súa tipoloxía, proporcionando información significativa sobre aqueles fogares cuns ingresos monetarios menores.
- Coñecer a contía dos gastos comúns dos fogares galegos e a súa relación con diversas variables socioeconómicas.

Ademais, a “Enquisa de condicións de vida das familias” ten cada ano uns obxectivos asociados ao módulo de carácter específico:

Ata o ano 2010, foron os seguintes:

- Anos 1999, 2005 e 2010. Módulo de características básicas dos fogares: obter información sobre as características das vivendas, as infraestruturas e servizos do seu contorno e o equipamento dos fogares.
- Anos 2001 e 2007. Módulo de condicións no traballo: analizar as condicións no traballo dos ocupados.
- Ano 2002. Módulo de relacións familiares e sociais: proporcionar resultados que permitan investigar a carga que supón á poboación galega a realización das tarefas do fogar e o coidado non remunerado de nenos e persoas dependentes.
- Anos 2003 e 2008. Módulo de coñecemento e uso do galego: analizar o grao de coñecemento do idioma galego nas súas distintas formas e o seu uso en distintos ámbitos sociais.
- Ano 2004. Módulo de formación e inserción laboral: obter información básica sobre a formación recibida polos traballadores e avaliar o proceso de inserción no mercado laboral.
- Ano 2006. Módulo de ocio e hábitos culturais: analizar as actividades de ocio e os hábitos culturais da poboación galega.
- Ano 2007. Módulo de dependencia: obter información sobre as persoas dependentes que viven en fogares privados, así como das persoas que coidan, de forma non remunerada, persoas dependentes, sexan do seu propio fogar ou non.
- Ano 2008. Módulo de novas tecnoloxías: avaliar o uso e extensión das novas tecnoloxías na poboación galega.
- Ano 2009. Módulo de gastos dos fogares: ofrecer información sobre os gastos dos fogares galegos, tanto da súa contía como da súa tipoloxía (educación, saúde, protección social, gastos correntes do fogar, hipoteca, alugueiro e outros créditos), así como da súa solvencia económica.

Conceptos e definicións

A continuación expóñense os seguintes conceptos e definicións manexados no módulo xeral. Para coñecer os utilizados a maiores nos módulos específicos ver o correspondente anexo.

Vivenda familiar: considérase vivenda familiar todo cuarto ou conxunto de cuartos e as súas dependencias, que ocupan un edificio ou unha parte estruturalmente separada del e que, pola forma en que foron construídos, reconstruídos ou transformados, están destinados a ser habitados por unha ou varias persoas, e na data da entrevista non se utilizan totalmente para outros fins. Inclúense nesta definición os aloxamentos fixos (covas, remolques, chabolas...).

Vivenda familiar principal: considérase vivenda familiar principal toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual (a maior parte do ano) por un ou máis fogares.

Fogar privado: defínese o fogar privado como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento.

Fogar principal: considérase fogar principal aquel no que un dos seus membros ten a titularidade da vivenda que ocupa, xa sexa en propiedade ou alugamento. No caso de que a vivenda estea cedida, o fogar principal será aquel no que estea a persoa a favor da que se fixo a cesión.

Membro do fogar: para establecer se unha persoa é membro ou non dun fogar, teremos en conta se a persoa está presente ou ausente no momento da entrevista.

As persoas presentes serán membros do fogar se levan tres ou máis meses presentes, tanto se ocupan outra vivenda permanente coma se non, e tamén serán membros do fogar as que leven menos de tres meses presentes e non ocupen outra vivenda permanentemente.

As persoas que sexan servizo doméstico interno considéranse membros do fogar no que traballan excepto no caso de que teñan outra vivenda que por ser da súa propiedade ou da súa familia, etc., a consideren como o seu fogar.

As persoas ausentes na vivenda serán membros do fogar se levan menos de tres meses ausentes e non ocupan outra vivenda permanentemente. Non serán membros do fogar aquelas persoas que leven tres meses ou máis ausentes, tanto se ocupan outra vivenda permanentemente coma se non, agás as persoas desprazadas temporalmente a outro lugar, tales como:

- enfermos en sanatorios
- persoas en viaxes de negocio ou ocio
- pescadores no mar
- persoal navegante de compañías aéreas ou marítimas, nacionais ou estranxeiras
- persoal desprazado por coidado de familiares
- estudantes e traballadores desprazados temporalmente a outro concello ou país, que se considerarán sempre membros do fogar, aínda que leven ausentes tres ou máis meses

Os estudantes e traballadores considéranse desprazados temporalmente se, cando finalice a causa pola que se desprazaron, pensan volver reunirse co resto da familia. No caso de que se descoñeza esta circunstancia, non se considerarán membros do fogar se levan ausentes máis dun ano.

Núcleo familiar: o núcleo familiar expresa unha idea restrinxida da familia, limitada aos vínculos de parentesco máis estreitos. O núcleo familiar estará composto por un pai ou unha nai con fillos, ou por unha parella con fillos ou sen fillos.

Para formar parte do núcleo familiar, os fillos non deben estar emparellados ou a parella non ser membro do fogar. Ademais, para a determinación dos núcleos familiares deben terse en conta os seguintes criterios:

- A relación pai/nai – fillo ten sempre preferencia sobre a de fillo – pai/nai.
- A relación de parella ten sempre preferencia sobre a relación fillo – pai/nai.

Persoa de referencia: a persoa de referencia é aquela que sexa considerada polos membros do fogar como o cabeza de familia. Debe ter 16 ou máis anos. Se nun fogar non é posible determinar a persoa de referencia, establecerase que esta sexa a que proporciona a información sobre o resto das persoas do fogar.

Persoa principal: o criterio para determinar a persoa principal do fogar é o seguinte:

- A persoa principal do fogar é a persoa de referencia se no ano natural anterior á edición da enquisa tivo ingresos de traballo ao menos durante 6 meses.
- No caso de que non cumpra o anterior, será o seu cónxuxe ou parella sempre que no ano natural tivera ingresos de traballo ao menos durante 6 meses.
- No caso de que non teña parella ou esta non cumprira o anterior, será o fillo de maior idade que no ano tivera ingresos de traballo ao menos durante 6 meses no ano natural.
- No caso de non existir esa persoa, a persoa principal será o pai ou a nai da persoa de referencia se no ano natural tivo ingresos de traballo ao menos durante 6 meses. Se ambos cumpren a condición, escollerase o de maior idade.
- Se non se cumpren ningunha das condicións anteriores, a persoa principal é a primeira persoa con 16 ou máis anos cumpridos a 31 de decembro indicada polo fogar.

Sustentador principal: é a persoa membro do fogar que tivera os maiores ingresos no último ano natural.

No caso de ser varias as que tiveran o mesmo ingreso máximo aplícase o seguinte criterio:

- Se algunha das persoas con ingresos similares máximos é a persoa de referencia, esta será o sustentador principal.
- De non estar a persoa de referencia entre as que teñen o mesmo ingreso máximo, o sustentador principal será aquela que teña a menor idade delas.

Ingreso medio mensual do fogar: o ingreso medio mensual do fogar calcúlase como a media mensual dos ingresos netos monetarios de todos os membros do fogar no ano anterior, sexan estes regulares ou non.

Perceptores de ingresos: os perceptores de ingresos son as persoas de 16 ou máis anos que percibiron ingresos monetarios no ano anterior, independentemente de que a percepción tivera carácter regular ou non, e a fonte destes ingresos. Non se inclúen como perceptores as persoas que pertencen ao fogar e que reciben ingresos doutros membros do fogar se non hai unha relación formal de traballo entre eles (por exemplo, as asignacións semanais ou mensuais que perciben os fillos para os seus gastos persoais, ou os cartos que percibe da súa familia un estudante para pagar a estancia na cidade na que estuda).

Ingreso equivalente: este concepto corrixe o efecto do número de persoas no volume de ingresos do fogar, facendo comparables os ingresos de fogares con distinto número de membros. Para iso calcúlanse as unidades de consumo do fogar empregando a escala de equivalencia da OCDE modificada que ten a expresión:

$$[1+0,5*(a-1)+0,3*(b)]$$

onde

a é o número de adultos (persoas de 14 ou máis anos) do fogar

b é o número de nenos (persoas menores de 14 anos) do fogar

Defínese o ingreso equivalente do fogar como o ingreso medio mensual do fogar dividido pola expresión anterior.

Limiar de risco de pobreza: correspóndese co 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen.

Taxa de risco de pobreza: porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza.

Taxa de risco de pobreza antes de transferencias sociais (a partires da edición de 2008): para o seu cálculo non se contabilizan dentro dos ingresos dos fogares as transferencias sociais (prestacións contributivas e non contributivas, prestacións e subsidios por desemprego). Recalcúlanse os ingresos equivalentes, a mediana e o limiar de risco de pobreza antes de transferencias (60% da mediana).

A taxa de risco de pobreza antes de transferencias é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente (antes de transferencias) inferior ao limiar de risco de pobreza (antes de transferencias).

Taxa de risco de pobreza despois de aluguer imputado (a partires da edición de 2008): para o seu cálculo contabilízase dentro dos ingresos dos fogares o aluguer imputado. O aluguer imputado é o equivalente ao aluguer que se pagaría a prezo de mercado por unha vivenda de características similares á vivenda na que reside o fogar menos o aluguer realmente se paga. Aplícase, polo tanto, aos fogares que non pagan un aluguer por ser propietarios e a aqueles que ocupan unha vivenda alugada a un prezo inferior ao de mercado. Tendo en conta dentro dos ingresos do fogar o aluguer imputado, recalcúlanse os ingresos equivalentes, a mediana e o limiar de risco de pobreza despois de aluguer imputado (60% da mediana).

A taxa de risco de pobreza despois de aluguer imputado é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente (despois de aluguer imputado) inferior ao limiar de risco de pobreza (despois de aluguer imputado).

Distribución da renda S80/S20: indica o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

Desfase relativo da renda baixa mediana: distancia entre o limiar de risco de pobreza e a mediana dos ingresos equivalentes das persoas en risco de pobreza expresada como porcentaxe do limiar de risco de pobreza:

$$\text{Desfase relativo}_i = \frac{(X - Y_i)}{X}$$

i =ámbito xeográfico considerado:Galicia, provincias, áreas

X =limiar de risco de pobreza galego

Y_i =mediana dos ingresos equivalentes das persoas en risco de pobreza do ámbito i

Índice de Gini: é o índice máis utilizado para medir a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo. Para o seu cálculo utilízase o ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

Sexan $X_i ; i = 1, \dots, n$ os ingresos, ordenados de menor a maior, dos n fogares da mostra e

$w_i ; i = 1, \dots, n$ os correspondentes factores de elevación; sexa $Q = \sum_{i=1}^n X_i w_i$ o ingreso total

estimado, de xeito que $Q_i = \frac{\sum_{j=1}^i X_j w_j}{Q}$ é a proporción de ingreso total acumulado polos

fogares con ingreso equivalente menor ou igual a $X_i ; i = 1, \dots, n$; que nos dan as ordenadas

da curva de Lorenz; por último $N = \sum_{i=1}^n w_i$ representa o total poboacional de fogares. A

fórmula empregada para o índice é:

$$IG = 1 - \frac{1}{N} \sum_{i=1}^n (Q_{i-1} + Q_i) w_i ; \text{ con } Q_0 = 0.$$

que resulta de simplificar a fórmula: $IG = 1 - 2A$, onde A é a área dentro do cadrado unidade baixo a curva de Lorenz que se estima por:

$$A = \sum_{i=1}^n \frac{(Q_{i-1} + Q_i)}{2N} w_i$$

Grao combinado de aforro en alimentos e/ou reparacións (edición do 2008)

- Para os **fogares con aforro en alimentos**, a cada unha das 7 categorías de alimentos consideradas (produtos da horta, do mar, da matanza do porco, polo e ovos, outros tipos de carne, leite e queixo, froita e froitos secos) asígnaselle:

- Intervalo1: cando o aforro estimado polo fogar para ese produto é menor de 240 € anuais.
- Intervalo 2 cando o aforro estimado polo fogar para ese produto está entre os 240 e os 360 € anuais.
- Intervalo 3 cando o aforro estimado polo fogar para ese produto é superior aos 360 euros anuais.

Os fogares con aforro en alimentos quedan así clasificados nunha escala do 1 ao 21 na que o nivel 1 da mesma indica un aforro menor de 240 € anuais para un só produto, e o nivel 21 un aforro de máis de 360 € anuais para os 7 tipos de produto considerados.

- Para os fogares **con aforro por reparacións**, asígnaselle:

- Intervalo 1: cando o aforro estimado en reparacións polo fogar está entre os 500 e os 1000€ anuais.

- Intervalo 2: cando o aforro estimado en reparacións polo fogar está entre os 1001 e os 3000€ anuais.
- Intervalo 3: cando o aforro estimado en reparacións polo fogar é superior aos 3000 euros anuais.

A continuación para os fogares con aforro en alimentos e/ou reparacións, **constrúese o indicador de grao combinado de aforro por alimentos ou reparacións** do seguinte xeito:

		intervalos aforro por alimentos			
		sen aforro	entre o nivel 1 e o 7	entre o nivel 8 e o 13	entre o 14 e o 21
intervalos aforro por reparacións	sen aforro		grao1	grao2	grao3
	1	grao1	grao2	grao3	grao3
	2	grao2	grao3	grao3	grao3
	3	grao3	grao3	grao3	grao3

Variables a investigar

A continuación expóñense as variables investigadas no módulo xeral. Para coñecer as correspondentes aos módulos específicos ver o correspondente anexo.

A. Demografía do fogar

Investíganse as altas e baixas de membros no fogar ao longo do último ano natural, identificando os motivos.

B. Datos demográficos básicos das persoas

- Idade
- Sexo
- Estado civil
- Nacionalidade
- Lugar de nacemento

C. Datos socioeconómicos das persoas de 16 o u máis anos

- Nivel de estudos
- Relación coa actividade
- Situación profesional
- Ingresos monetarios netos

Nivel de estudos alcanzado: utilízase a seguinte clasificación harmonizada coa Clasificación Nacional de Educación 2000 (CNED-2000):

- *Analfabetos:* persoas que non saben ler e/ou escribir.
- *Estudos primarios ou equivalente*
 - *Estudos primarios incompletos ou equivalente:* persoas que saben ler e escribir e foron menos de 5 anos á escola.

- *Estudos primarios completos ou equivalente*: persoas que foron máis de cinco anos á escola sen acreditación correspondente, educación primaria LOXSE completa ou cinco cursos de EXB aprobados.
- *Educación secundaria ou equivalente*
 - *Educación secundaria de primeira etapa ou equivalente*: persoas que estiveron escolarizadas todo o período de educación obrigatoria e non están en posesión do graduado escolar ou equivalente; persoas que teñen o certificado de escolaridade, graduado escolar, graduado en educación secundaria (ESO), bacharelato elemental (ou ter cursado cuarto curso sen superalo), ou certificado de estudos primarios (antes da Lei xeral de educación) ou equivalente a algún dos anteriores; persoas con programas para a formación e inserción laboral que non precisan dunha titulación de estudos secundarios de primeira etapa.
 - *Educación secundaria de segunda etapa ou equivalente*: persoas que teñen unha titulación de bacharelato (LOXSE), bacharelato (BUP), COU ou preuniversitario, FP I, ciclos formativos de formación profesional de grao medio ou equivalente a algún dos anteriores; persoas con programas para a formación e inserción laboral que precisan dunha titulación de estudos secundarios de segunda etapa.
- *Educación superior*: comprende todos os titulados diplomados universitarios, licenciados universitarios, FP II, ciclos formativos de formación profesional de grao superior ou equivalente a algún dos anteriores.

Relación coa actividade económica: atendendo á relación que tiveron coa actividade económica os membros do fogar de 16 ou máis anos na semana de referencia (a anterior a aquela na que se realiza a entrevista), distinguimos entre:

- *Activos*: persoas de 16 ou máis anos de idade que durante a semana de referencia satisfán as condicións para a súa inclusión entre as persoas paradas ou ocupadas.
- *Ocupados*: a poboación ocupada está constituída polas persoas de 16 ou máis anos de idade que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea (asalariados) ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:
 - Traballando polo menos unha hora por un soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie.
 - Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo pero mantendo un forte vínculo con el. A forza deste vínculo determínase de acordo coa crenza en reincorporarse ou non á empresa e coa percepción ou non dalgún tipo de remuneración.
- *Parados*: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron:
 - "Sen traballo", isto é, que non tiveron un emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.

- "Na procura de traballo", é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- "Dispoñibles para traballar", é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior á semana de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poderse incorporar á empresa e que buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo.

- *Inactivos*: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia.
- *Poboación contada á parte*: ata 2001 os varóns que cumprían o servizo militar (ou o substituían por un servizo civil obrigatorio) formaban un colectivo non incluído nin nos activos nin nos inactivos, independentemente de que na semana de referencia traballaran ou non.

Características relativas á situación profesional: atendendo á situación profesional na que se atopan os ocupados na semana de referencia, distinguimos entre:

- *Asalariado*: persoa que na semana de referencia estivera traballando para un empresario privado ou para a Administración ou empresa pública a cambio dun soldo, salario, comisión, pagamento segundo resultado, gratificación ou calquera outra forma de remuneración en metálico ou en especie.
- *Empresario ou profesional que emprega persoal*: persoa que leva a súa propia empresa, industria, comercio, explotación agrícola ou exerce pola súa conta unha profesión liberal ou oficio, e que con este motivo contrata un ou máis empregados ou traballadores aos que remunera mediante un soldo, xornal, comisión, etc.
- *Empresario sen asalariados ou traballador independente*: persoa que leva a súa propia empresa, industria, comercio, explotación agrícola ou exerce pola súa conta unha profesión liberal ou oficio pero non ten asalariados, aínda que pode recibir a axuda de colaboradores familiares non remunerados.
- *Axuda familiar*: persoa que traballa sen remuneración regulamentada na empresa dun familiar co que convive.
- *Outro tipo*: dentro deste grupo entran os membros de cooperativas de traballo asociado que traballan nela, así como ocupados que non se puideron clasificar nalgunha das categorías anteriores.

Ingresos monetarios netos: calcúlase como a suma de todos os ingresos monetarios netos percibidos por unha persoa ao longo do último ano natural, independentemente de que a percepción tivera carácter regular e da fonte de ingresos.

Son ingresos netos, é dicir, descontadas as cotizacións á Seguridade Social e outros pagos asimilados, así como as cantidades satisfeitas en conceptos de impostos.

Atendendo a fonte de ingresos distinguimos entre,

- *Ingresos de traballo:*
 - *Traballo por conta allea*
 - *Traballo por conta propia*
- *Prestacións contributivas:* pensión de xubilación ou prexubilación, pensión de invalidez, de viuvez...
- *Prestacións non contributivas:* de xubilación, de invalidez, LISMI, RISGA...
- *Prestacións ou subsidios por desemprego*
- *Ingresos de rendas:* ingresos de alugueiros, de intereses bancarios, dividendos, investimentos en bolsa, por rendas de compañías de seguro...
- *Outros ingresos:* transferencias doutros fogares, ingreso extraordinarios...

Para os ingresos por traballo, tamén se investiga a rama de actividade do establecemento do que dependía laboralmente o enquisado no período no que obtivo o ingreso indicado polo entrevistado. Neste caso, clasificamos os ingresos en nove grandes ramas en función da CNAE-2009,

- *Agricultura, gandería e pesca*
- *Industria e enerxía*
- *Construción*
- *Comercio e hostalería*
- *Transporte e telecomunicacións*
- *Financeira, inmobiliarias, servizos empresariais*
- *Administracións públicas*
- *Educación e sanidade*
- *Outras actividades de servizos*

D. Tipoloxía dos fogares:

Atendendo á existencia ou non de núcleos familiares dentro do fogar e á tipoloxía do núcleo, clasifícanse os fogares como segue:

- Fogares sen núcleo
 - Unipersoais (compostos por unha soa persoa)
 - Outros (compostos por máis dunha persoa)
- Fogares compostos por un núcleo
 - Monoparental
 - Parella sen fillos
 - Parella con fillos

- Fogares compostos por un núcleo e alguén máis
- Fogares compostos por dous ou máis núcleos

Á hora de determinar o tipo de fogar débense ter presente os seguintes criterios:

- Unha parella considerase como tal tanto se é parella de dereito como parella de feito
- Os fillos consideraranse como tales se son fillos carnais, fillastros ou fillos adoptivos
- Considerase a relación de parentesco tanto se é carnal como política
- A relación de parella ten preferencia sobre a relación de pai ou nai e fillo

E. Ingresos dos fogares

- Tipoloxía dos ingresos
- Principal fonte de ingresos

Tipoloxía dos ingresos dos fogares: con referencia aos ingresos percibidos polo fogar e os seus membros no ano anterior, os fogares clasifícanse segundo a súa fonte de ingresos en:

- *Traballo:* fogares que perciben ingresos debidos ao traballo, xa sexa por conta propia ou allea. Poden ter ademais outros ingresos que non sexan debidos a pensións ou subsidios.
- *Prestacións:* fogares que perciben ingresos debidos a pensións contributivas ou non contributivas, subsidios e prestacións por desemprego ou outros subsidios e prestacións sociais. Poden ter ademais outros ingresos que non sexan debidos ao traballo.
- *Traballo e prestacións:* fogares que perciben ingresos debidos ao traballo e tamén a pensións ou subsidios. Poden ter ademais outros ingresos debidos a outras fontes.
- *Nin traballo nin prestacións:* fogares que perciben ingresos debidos ás rendas da propiedade ou do capital, rendas de compañías de seguros, transferencias doutros fogares ou outro tipo de ingresos que non sexan debidos ao traballo ou a pensións ou subsidios.

Principal fonte de ingresos do fogar: é a que representa a maior porcentaxe do total de ingresos percibidos polo fogar. Os fogares clasifícanse segundo as fontes de ingresos nos seguintes tipos:

- *Traballo:* fogares que teñen como principal fonte de ingresos os debidos ao traballo, xa sexa por conta propia ou allea.
- *Prestacións:* fogares que teñen como principal fonte de ingresos os debidos a pensións contributivas, subsidios e prestacións de desemprego ou outros subsidios e prestacións sociais.
- *Rendas:* fogares que teñen como principal fonte de ingresos as rendas tales como alugueiros, xuros bancarios, rendas das compañías de seguro e outras rendas da propiedade.
- *Outros ingresos:* fogares que teñen como principal fonte de ingresos as transferencias doutros fogares, os ingresos extraordinarios como lotería, gratificacións, etc. ou outros ingresos non incluídos anteriormente.

F. Réxime de tenza e gasto dos fogares en préstamos hipotecarios, alugueres e créditos

- Réxime de tenza da vivenda habitual
- Préstamos hipotecarios da vivenda habitual
- Gasto en aluguer da vivenda habitual
- Aluguer imputado da vivenda habitual
- Cotas doutros préstamos hipotecarios
- Cotas de préstamos, créditos, compras a prazos ou arrendamentos financeiros

Réxime de tenza da vivenda habitual: invéstíganse os diferentes réximes de tenza de cada fogar ao longo do último ano natural. Considérase a seguinte clasificación:

- *En propiedade sen hipoteca*
- *En propiedade con hipoteca*
- *En aluguer*
- *Cedida por familiares*
- *Facilitada pola empresa ou institución onde traballa algún membro do fogar*
- *Facilitada por outras persoas, institucións ou organismos*
- *Outro tipo*

Préstamos hipotecarios da vivenda habitual: invéstíganse as principais características dos préstamos hipotecarios para vivenda habitual: o ano de concesión, os anos a que o solicitou, o importe que lle concederon e a contía media mensual pagada no último ano.

Aluguer imputado da vivenda habitual: solicítase unha estimación da cantidade que, segundo a opinión do informante, tería que pagar o fogar polo aluguer mensual a prezo de mercado da vivenda que ocupa sen incluír gastos como mobles, calefacción, electricidade ou auga.

Cotas doutros préstamos hipotecarios: invéstíganse se o fogar ten outros préstamos hipotecarios non correspondentes á vivenda habitual e, no caso afirmativo, a contía mensual pagada no último ano. Considéranse as seguintes categorías:

- *Segunda residencia que utiliza o fogar (vacacións, piso dun fillo estudante...)*
- *Vivenda comprada por investimento*
- *Local ou nave comercial que algún membro do fogar usa/usará para un negocio*
- *Local ou nave comercial comprada por investimento*

Cotas de préstamos, créditos, compras a prazos ou arrendamentos financeiros: invéstíganse se o fogar ten préstamos, créditos, compras a prazos ou arrendamentos financeiros e, no caso afirmativo, a contía mensual pagada no último ano. Considéranse os seguintes conceptos:

- *Coche, equipamento técnico*
- *Relacionados coa vivenda (electrodomésticos, mobles, reparacións...)*

- *Para gastos en vacacións, tempo libre...*
- *Para gastos en educación ou coidado de nenos*
- *Para investimentos ou para iniciar un negocio*
- *Para cubrir descubertos, conversión de débedas, tarxetas de crédito, outras facturas*
- *Outros*

G. Aforro dos fogares en alimentos e reparacións

- Aforro en alimentos
- Aforro en reparacións

Aforro en alimentos: refírese a que os produciu o fogar ou ben llos regalou algún familiar ou amigo, e polo tanto lle evitou ao fogar a compra dos mesmos. Considéranse os seguintes grupos de produtos:

- *Produtos da horta*
- *Produtos do mar*
- *Produtos da matanza do porco*
- *Polos, ovos...*
- *Outros tipos de carne*
- *Leite, queixo...*
- *Froita e froitos secos*
- *Viño e licores*

Aforro en reparacións: refírese a que algún membro do fogar, familiar ou amigo realizou tarefas tales como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles...que supuxeron para o fogar un aforro de máis de 500€ no ano natural anterior ao da edición da enquisa.

H. Capacidade para chegar a fin de mes

Investígase a capacidade que tivo durante o ano anterior o fogar para chegar a fin de mes cos ingresos percibidos nese período. Utilízase a seguinte clasificación:

- *Con moita facilidade*
- *Con facilidade*
- *Con dificultade*
- *Con moita dificultade*

Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de fogares privados que residen habitualmente en vivendas familiares principais e o conxunto das persoas que conforman estes fogares.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico da enquisa abarca todo o territorio galego. Dentro de cada provincia os concellos agrúpanse en áreas, cada unha das cales é unha comarca ou unha agregación de comarcas veciñas. As 20 áreas definidas son as seguintes:

Provincia da Coruña

- *Ferrol-Eume-Ortegal*: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- *Área da Coruña*: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- *Área da Costa da morte*: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- *A Coruña suroriental*: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- *Área de Santiago*: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- *A Barbanza-Noia*: comprende as comarcas da Barbanza e Noia.

Provincia de Lugo

- *Lugo oriental*: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- *Lugo sur*: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- *Lugo central*: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- *A Mariña*: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

Provincia de Ourense

- *O Carballiño-O Ribeiro*: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- *Ourense central*: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- *Ourense sur*: comprende as comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- *Área de Ourense*: comprende a comarca de Ourense.

Provincia de Pontevedra

- *Pontevedra nororiental*: comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- *Pontevedra sur*: comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.
- *Área de Pontevedra*: comprende a comarca de Pontevedra.
- *Caldas-O Salnés*: comprende as comarcas de Caldas e O Salnés.
- *Área de Vigo*: comprende a comarca de Vigo.
- *O Morrazo*: comprende a comarca do Morrazo.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese con nove semanas distribuídas nos meses de marzo, abril e maio.

Períodos de referencia

Os períodos de referencia son distintos para as diversas variables recollidas na enquisa distinguíndose os seguintes:

Semana de referencia: é a semana inmediatamente anterior (de luns a domingo) á da entrevista segundo o calendario. Este período de referencia utilízase nas variables de relación coa actividade.

Momento actual: enténdese por momento actual o último día (o domingo) da semana de referencia.

Ano natural anterior á realización da enquisa: este é o período de referencia dos ingresos e dos gastos en préstamos efectuados polo fogar.

Outros: algunhas preguntas recollen información referida a outros momentos do tempo (últimas catro semanas, próximas dúas semanas)

Unidades da enquisa

Unidades de análise

Distínguense dous tipos de unidades de análise: fogar e persoa membro do fogar.

O fogar é a unidade básica de análise. Cando se analizan os datos dos fogares téñense en conta todas as persoas que conforman cada un deles.

Unidades de mostraxe

Os sete grandes concellos agrúpanse no estrato 0 (estrato de concellos autorrepresentados), e dentro dese estrato a mostraxe é unietápica. A unidade de mostraxe é a vivenda familiar principal. Inclúense na mostra todos os fogares residentes nas vivendas seleccionadas.

Para o resto do territorio a mostraxe é bietápica. A unidade primaria de mostraxe é a sección censal e a unidade de segunda etapa é a vivenda familiar principal. Inclúense na mostra todos os fogares residentes nas vivendas seleccionadas.

Deseño mostral

Tipo de mostraxe

Dentro de cada área nas que se divide cada unha das provincias galegas, a mostraxe é bietápica con estratificación previa das unidades de primeira etapa.

Cada área está dividida en estratos de acordo coa seguinte clasificación:

Estrato 0: concellos autorrepresentados.

Estrato 1: concellos de máis de 20.000 habitantes.

Estrato 2: concellos de 15.000 a 20.000 habitantes.

Estrato 3: concellos de 10.000 a 15.000 habitantes.

Estrato 4: concellos de 5.000 a 10.000 habitantes.

Estrato 5: concellos de menos de 5.000 habitantes.

Nalgunha área é necesario unir estratos contiguos para evitar a existencia de estratos de escasa representatividade.

Os concellos autorrepresentados, cada un na súa correspondente área, son: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol e Vigo.

Tamaño da mostra

A mostra consta de 512 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña 180; Lugo 90; Ourense 91; Pontevedra 151. En cada sección entrevístanse un mínimo de 18 vivendas, co que resulta unha mostra mínima de 9.216 vivendas.

Selección da mostra

Para os concellos correspondentes ao estrato 0 a mostraxe é unietápica: ordénanse os fogares segundo características sociodemográficas e a continuación escóllese a mostra mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

Para o resto dos estratos das distintas áreas a mostraxe é bietápica: en primeiro lugar ordénanse as seccións dese estrato segundo características sociodemográficas e logo escóllese a mostra de seccións mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio. Nunha segunda etapa, para a mostra de seccións xa escollidas, ordénanse os fogares desas seccións mediante as ditas características sociodemográficas e a continuación escóllese a mostra de fogares mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

Marco da mostra

O marco que se emprega para a extracción da mostra é o Padrón de Habitantes, excluíndose:

- As seccións con menos de 100 persoas
- As vivendas con máis de 15 persoas ou nas que todas as persoas son menores de idade

Distribución da mostra no tempo

As seccións mostrais de cada área son distribuídas uniformemente ao longo das semanas de enquisa, co obxecto de que todas elas estean igualmente representadas.

Afixación da mostra

No seguinte cadro preséntase a afixación da mostra de seccipor provincias e estratos:

	AREA	ESTRATO														Total	
		E0	E1	E12	E13	E123	E23	E24	E245	E34	E35	E345	E4	E45	E5		
PROVINCIA	A CORUÑA	A Coruña suroriental								8					8		16
		Ferrol-Eume-Ortegal	18			8									8		34
		Área da Coruña	38	12									9				59
		A Costa da morte				8								7	7		22
		Área de Santiago	19		7										7		33
		A Barbanza-Noia			8									8			16
	LUGO	Lugo central	21						9							11	41
		A Mariña							8							8	16
		Lugo sur							9							8	17
		Lugo oriental									8					8	16
	OURENSE	Área de Ourense	28												10		38
		O Carballiño-O Ribeiro									7					9	16
		Ourense central										8				8	16
		Ourense sur									8					13	21
	PONTEVEDRA	Pontevedra nororiental		8											8		16
		Caldas-O Salnés		7				7							7		21
		Área de Pontevedra	18							7							25
		Pontevedra sur					9								8		17
		O Morrazo		8				8									16
		Área de Vigo	41		8									7			56
	Total																512

Para o cálculo dos tamaños mostrais téñense en conta os seguintes aspectos:

- O erro relativo máximo admitido para unha proporción do 0,5 a nivel galego é do 0,63%.
- Nos 7 concellos autorrepresentados, o tamaño mostral mínimo é de 18 seccións.
- O tamaño mínimo mostral para cada unha das áreas é de 16 seccións.
- O tamaño mínimo mostral para un estrato é de 7 seccións.

Para a distribución de seccións seguironse os seguintes pasos:

- Dentro de cada área a afixación entre estratos é proporcional ao tamaño (en habitantes) de cada un deles (tendo en conta o apartado d) anterior). No estrato de concellos autorrepresentados incrementouse o número de seccións a enquisar posto que se utilizará como desagregación xeográfica.
- A repartición de seccións entre áreas dunha mesma provincia volve ser proporcional ao número de persoas, se ben temos en conta o apartado c) anterior.
- O cálculo da afixación entre provincias das seccións é proporcional novamente ao tamaño en número de habitantes de cada unha delas con Galicia.

Estimadores

Para o cálculo das estimacións séguese un proceso que permite obter o peso ou ponderación final de cada fogar mostral en dous pasos.

Paso 1. Factor de elevación

Defínese o factor de elevación da sección s do estrato h (neste primeiro paso todas as vivendas dunha sección teñen o mesmo factor) como

$$f_{hs} = \frac{N_h \cdot N_{hs}}{n_h \cdot n_{hs}}$$

onde son:

N_h total poboacional do estrato h , $h=1\dots L$,

n_h poboación total das seccións do estrato h que caen na mostra,

N_{hs} total poboacional da sección s do estrato h ($s \in s_h$ con s_h conxunto de seccións do estrato h que caen na mostra),

n_{hs} poboación total das vivendas na mostra correspondentes á sección s do estrato h que caeu na mostra.

Paso 2. Factor reponderado

A reponderación do anterior factor introdúcese para axustar a distribución de persoas que estimaríamos coa mostra á distribución de persoas na poboación respecto a determinadas características demográficas significativas.

As características que se teñen en conta para o axuste son a idade e o sexo, e a distribución poboacional utilizada procede de proxeccións de poboación especialmente elaboradas para esta enquisa. Utilízase así mesmo o número de fogares por área obtidos mediante proxeccións.

Para o calibrado tómase como función distancia entre os factores de elevación do paso 1 e os novos factores reponderados a función distancia logit truncada.

A formulación xeral do problema é a seguinte:

Para cada área, sexa:

s_h o número de seccións mostrais no estrato h .

V_{hs} o número de fogares mostrais na sección s do estrato h .

P_k o total poboacional de persoas, na área, que pertencen ao grupo k ($k=1,\dots,32$) dos 32 grupos de idade e sexo, exhaustivos e mutuamente excluíntes, en que para estes efectos se clasifica a poboación.

p_{hsik} o total de persoas que pertencen ao grupo k no fogar i da sección s do estrato h .

N_h o total poboacional de persoas do estrato h .

V o total de fogares existentes na área que estamos a tratar, que se obtén mediante proxeccións.

Os novos pesos w_{hsi} obtéñense minimizando a función $\sum_{h=1}^L \sum_{s=1}^{s_h} \sum_{i=1}^{V_{hs}} G\left(\frac{w_{hsi}}{f_{hs}}\right)$ suxeita ás seguintes

restricións:

$$\sum_{h=1}^L \sum_{s=1}^{s_h} \sum_{i=1}^{V_{hs}} p_{hsik} w_{hsi} = P_k$$

$$\sum_{h=1}^L \sum_{s=1}^{s_h} \sum_{i=1}^{V_{hs}} w_{hsi} = V$$

$$I \leq \frac{w_{hsi}}{f_{hs}} \leq S, \forall h, \forall s, \forall i$$

coa función de distancia:

$$G(x) = \left[(x - I) \log \frac{x - I}{1 - I} + (S - x) \log \frac{S - x}{S - 1} \right] \frac{(1 - I)(S - 1)}{S - I}$$

$$I, S > 0$$

O estimador do total da característica A exprésase como segue:

$$\hat{A} = \sum_{h=1}^L \sum_{s=1}^{s_h} \sum_{i=1}^{V_{hs}} (w_{hsi} a_{hsi})$$

onde son:

L o número de estratos,

a_{hsi} o total de persoas coa característica A no fogar i da sección s do estrato h .

A **partires de edición de 2008** a enquisa ten **dous factores de elevación** (e tamén dous factores de reponderación): un coas poboacións e fogares a 31 de decembro do ano natural anterior á realización da enquisa (momento 2), e outros factores coas poboacións e fogares a momento actual (momento 1) que se emprega na elevación dos resultados dos módulos específicos correspondentes a este ano.

Recollida de datos

Período de recollida

Durante nove semanas ao longo dos meses de marzo, abril e maio.

Cuestionarios

O módulo xeral da “Enquisa de condicións de vida das familias” divídese en distintos submódulos (Ver anexo 1):

Datos xerais, recolle información sobre todos os membros do fogar e inclúe desde a edición do 2008 unha epígrafe de Demografía do fogar, onde se pregunta por cambios na composición do mesmo durante o último ano.

Estudos realizados e **Relación coa actividade**, para as persoas de 16 ou máis anos de idade.

Ingresos, no que se inclúen preguntas relativas a este concepto para todas as persoas do fogar.

Gastos en préstamos hipotecarios, aluguer e créditos

Aforro en alimentos e reparacións (Autoconsumo)

Situación económica

O módulo específico varía cada ano, ver o cuestionario no anexo correspondente.

Método de recollida de información

O entrevistador despois de contactar co fogar en visita persoal, entrevista a unha persoa do fogar que proporciona a información do cuestionario. Nesa primeira entrevista solicítase o teléfono para a depuración e inspección.

O instrumento establecido para esta recollida de información é un Tablet PC no que está implementado o cuestionario mediante unha aplicación que dirixe ao entrevistador na cobertura do cuestionario (método CAPI).

Organización do traballo de campo

Fase previa

A enquisación faise cun mínimo de 72 enquisadores, 8 inspectores de enquisadores, 2 codificadores e 5 depuradores.

En cada edición, tanto aos enquisadores como aos inspectores, codificadores e depuradores entrégaselles un manual no cal se describe pormenorizadamente o seu cometido na realización da enquisa. Ese manual é explicado ao longo dun curso impartido polo IGE.

Para toda a fase de recollida da información os enquisadores deben seguir as instrucións que se lles indica no curso e no manual, debendo ser especialmente rigorosos no relativo ao segredo estatístico.

Fase de recollida de información

O traballo de campo comeza coa recollida da información nos cuestionarios.

O traballo de campo comporta:

- Unha primeira visita ás vivendas da mostra a fin de explicar o cuestionario ás unidades informantes das mesmas e cubrir a súa parte xeral (asistido por Tablet-pc) con esa persoa informante.
- Tantas visitas como sexan necesarias para a correcta obtención da información.

O traballo dos enquisadores distribúese de xeito que cada enquisador se encarga dun bloque de seccións completas.

No traballo de campo, os enquisadores irán provistos dun carné identificativo.

O IGE envía unha carta ás vivendas da mostra explicando o obxecto da enquisa. Os enquisadores levan unha copia da carta enviada, a cal se entrega en man no caso de que o entrevistado non a teña recibido.

O IGE pon a disposición dos enquisados un teléfono de balde, que figura nas cartas enviadas aos fogares da mostra, para que poidan comprobar a veracidade da enquisa, identificar aos enquisadores e solucionar dúbidas. Así como asegurar a confidencialidade da información recollida, garantida polo segredo estatístico.

Todo enquisador depende dun inspector que o asesora sobre as dificultades que vai atopando no seu traballo, ao tempo que establece sobre el os controis pertinentes.

O inspector desenvolve o seu traballo realizando as visitas que considere oportunas para contrastar o traballo realizado polo enquisador.

Incidencias e tratamento

No proceso de recollida da información pódense presentar unha serie de incidencias que impiden ou dificultan a obtención dos cuestionarios cubertos: negativas, inaccesibles, non localizadas... Unha asignación correcta e o seu rigoroso tratamento son moi importantes nunha operación estatística. Polo tanto, segundo sexa o período no que se atope o fogar na mostra tense unha clasificación das posibles incidencias e o tratamento a seguir.

Por cada vivenda da mostra titular e para todas as vivendas substitutas cubrirose un documento de control, no que figuran as incidencias atopadas na recollida da información.

Substitucións da mostra

No caso de ter que substituír un fogar da mostra, o enquisador segue o procedemento descrito no manual de enquisadores.

Tratamento da información

Depuración e validación da información

A procedemento de depuración e validación dos datos lévase a cabo nas seguintes fases: depuración informática e validación posterior da calidade.

Para o control e depuración automática da información a propia aplicación informática de gravación establece uns criterios de validación agrupados en erros e avisos. Os erros poñen de manifesto que nalgunha parte do cuestionario existe algún dato incorrecto, incoherente ou inconsistente que é imprescindible corrixir. Pola contra, os avisos teñen como finalidade advertir que existen datos no cuestionario, cando menos “atípicos”.

Durante a recollida da información, os depuradores fan unha primeira depuración da información recollida na semana anterior. En particular revísanse a codificación das variables nivel de estudos (cunha desagregación a dous díxitos CNED), actividade do establecemento no que perciben ingresos (cunha desagregación a un díxito CNAE), nacionalidade e todas as relativas á localización xeográfica.

No caso de detectar incongruencias, os depuradores póñense en contacto telefónico co fogar.

Procedementos de imputación

Dado que existe non resposta no sentido de que hai fogares que non cumprimentan a totalidade ou parte do cuestionario, é necesario introducir procedementos de imputación para corrixir o nesgo que isto produce na estimación.

Para as variables cualitativas, o método de imputación que se utiliza é ‘hot deck’, mentres que para as variables cuantitativas se usan os procedementos da media truncada e da mediana.

Cambios metodolóxicos

Relativos ao tamaño mostral:

En **1999** o tamaño da mostra foi de 333 seccións, coa seguinte repartición por provincias:

A Coruña: 130; Lugo: 51; Ourense: 45; Pontevedra: 107.

En **2002** o tamaño da mostra foi de 407 seccións, coa seguinte repartición por provincias:

A Coruña: 175; Lugo: 56; Ourense: 52; Pontevedra: 124.

Na **edición de 2003, 2004 e 2005**, a mostra consta de 394 seccións (agás nos anos 1999 e 2002; ver apartado 9) coa seguinte repartición por provincias: A Coruña, 162; Lugo, 56; Ourense, 52; Pontevedra, 124. En cada sección entrevístanse 16 vivendas, co que resulta un total de 6.304 vivendas.

Nas **edicións de 2006 e 2007** a mostra consta de 396 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña, 162; Lugo, 56; Ourense, 54; Pontevedra, 124. En cada sección entrevístanse 16 vivendas, co que resulta un total de 6.336 vivendas.

Nas **edicións de 2008 e 2009** a mostra consta de 642 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña, 231; Lugo, 112; Ourense, 116; Pontevedra, 183. En cada sección entrevístanse 16 vivendas, co que resulta un total de 10.272 vivendas.

Relativos á selección da mostra:

Ata a edición de 2007 en cada área na primeira etapa, dentro de cada estrato, as seccións foron seleccionadas con probabilidade proporcional ao seu tamaño. En cada unha destas seccións mostrais, as vivendas son seleccionadas mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

Relativos ao período de referencia dos ingresos e dos gastos do fogar

A partires da edición de 2008, os ingresos e gastos do fogar refírense ao ano natural anterior á realización da enquisa, por exemplo para a edición de 2008 invéstíganse os ingresos e gastos do fogar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007.

Ata a edición do 2007, os ingresos e os gastos referíanse aos doce meses anteriores ao mes do domingo da semana de referencia (semana anterior, de luns a domingo, á da realización da enquisa), polo que non se correspondía cun ano natural.

Isto provoca unha ruptura na serie de datos.

Relativos aos factores de elevación

Ata a edición do 2007 o factor de deseño da sección s do estrato h (todos os fogares dun mesmo estrato teñen neste paso o mesmo factor) como:

$$f_{hs} = \frac{N_h}{n_h}$$

onde son:

N_h total poboacional do estrato h

n_h total mostral do estrato h

Ademais, no ano 2005 levouse a cabo a revisión das proxeccións de poboación e de fogares para Galicia, o que motivou un cálculo retrospectivo dos factores de elevación da enquisa.

Por outro lado, cámbiase a función de distancia empregada no proceso de cálculo dos novos pesos reponderados w_{hsi} , estes obtíñanse anteriormente minimizando a función de distancia

$$\sum_{h=1}^L \sum_{s=1}^{s_h} \sum_{i=1}^{V_{hs}} \left(\frac{w_{hsi}}{f_{hs}} - 1 \right)^2 * f_{hs} .$$

Todo isto trae como consecuencia a revisión dos datos xa publicados das enquisas dos anos 1999, 2001, 2002 e 2003, polo que os datos agora dispoñibles é posible que non coincidan cos publicados con anterioridade a outubro de 2005.

Así mesmo, ata a edición do 2007 calculábase un único factor reponderado empregando as proxeccións de poboación e fogares a momento actual.

Relativos as áreas xeográficas consideradas:

Ata a edición do 2007 as definidas en cada provincia eran as seguintes:

Provincia da Coruña

A Coruña oriental: comprende as comarcas de Arzúa, Betanzos, Eume, Melide, Ordes e Ortegal.

A Coruña occidental: comprende as comarcas da Barcala, A Barbanza, Bergantiños, Terra de Soneira, Muros, Fisterra, O Sar, Noia e Xallas.

Comarca de Santiago.

Comarca da Coruña.

Comarca de Ferrol.

Provincia de Lugo

Lugo sur: comprende as comarcas da Ulloa, A Fonsagrada, Os Ancares, Terra de Lemos, Chantada, Quiroga e Sarria.

Comarca de Lugo.

Lugo norte: comprende as comarcas da Terra Chá, A Mariña Central, A Mariña Oriental, A Mariña Occidental e Meira.

Provincia de Ourense

Ourense occidental: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, A Baixa Limia, Terra de Caldelas, O Carballiño, Terra de Celanova e O Ribeiro.

Comarca de Ourense.

Ourense oriental: comprende as comarcas de Terra de Trives, Valdeorras, Verín, Viana e A Limia.

Provincia de Pontevedra

Pontevedra occidental: comprende as comarcas do Morrazo, O Baixo Miño, Caldas e O Salnés.

Pontevedra oriental: comprende as comarcas de Tabeirós-Terra de Montes, O Condado, Deza e A Paradanta.

Comarca de Pontevedra.

Comarca de Vigo.

Ata a edición do 2005, na provincia de Ourense só se consideraban dúas áreas :

Ourense occidental e oriental: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, A Baixa Limia, Terra de Caldelas, O Carballiño, Terra de Celanova e O Ribeiro, Terra de Trives, Valdeorras, Verín, Viana e A Limia.

Comarca de Ourense.

Relativos ás variables investigadas

- **Relación coa actividade: ata a edición de 2009** (inclusive) a relación coa actividade das persoas de 16 ou máis anos era identificada mediante unha batería de dezasete preguntas fronte ás tres actuais.

Ademais, investigábase a actividade económica do establecemento do que dependían laboralmente os ocupados. Esta variable tamén sufriu un cambio na edición de 2008 cando se pasou a codificar coa CNAE-2009, antes era atendendo á CNAE-93

- **Persoa principal: ata a edición de 2007** (inclusive) o criterio para determinar a persoa principal do fogar é o seguinte:

- A persoa principal do fogar é a persoa de referencia se é ocupada.
- No caso de que non sexa ocupada, será o seu cónxuxe ou parella sempre que sexa ocupado.
- No caso de que non teña parella ou esta non sexa ocupada, será o fillo de maior idade que estea ocupado.
- No caso de non existir esa persoa, a persoa principal será o pai ou a nai da persoa de referencia se é ocupada.

Se non se cumpre ningunha das condicións anteriores, a persoa principal é a persoa de referencia.

- **Réxime de tenza: ata a edición de 2009** só se pregunta polo principal réxime de tenza da vivenda habitual.

- **Aforro en alimentos: ata a edición de 2010** non se incluía a categoría de aforro en viños e licores.

Relativos ao método de recollida

A partires da edición de 2009, a recollida de información efectúase mediante Tablet PC no que está implementado o cuestionario mediante unha aplicación que dirixe ao entrevistador na cobertura do cuestionario (método CAPI).

Difusión de resultados

A información obtida da “Enquisa de condicións de vida das familias” ten prevista a súa difusión en fases claramente diferenciadas: resultados módulo xeral, resultados módulo específico e microdatos.

Resultados do módulo xeral

Os resultados clasifícanse nos seguintes grupos:

- Situación demográfica dos fogares
 - Poboación e composición dos fogares
 - Demografía do fogar
 - Emancipación dos mozos
 - Poboación de 65 ou máis anos
 - Poboación estranxeira
 - Áreas
 - Grandes concellos

- Situación económica
 - Ingresos dos fogares
 - Perceptores de ingresos
 - Cohesión social
 - Áreas
 - Grandes concellos
- Gastos dos fogares
 - Préstamos hipotecarios
 - Aluguer
 - Outros préstamos
 - Aforro en alimentos ou reparacións
 - Áreas
 - Grandes concellos

Microdatos

Elabóranse ficheiros de microdatos: que conteñen os datos relativos a persoas e a fogares das variables incluídas no módulo xeral.

Co obxecto de facilitar a comparabilidade provocada polos cambios metodolóxicos, na difusión inclúese unha serie anual enlazada dos ingresos coa nova metodoloxía 2008 (ingresos referidos a ano natural) para o período 2003-2007.